

2020

AGACAL
AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE ALIMENTARIA

galicia



Xacobeo 2021



A pegada de carbono na gandería ecolóxica.

PROGRAMA

Os contidos do programa tratarán tres áreas que, de algún modo, poden e deben ser compatibles:

- Gandería ecolóxica
- Pegada de carbono
- O futuro de ambas certificacións e posibilidades de mercado



FEADER:
Europa inviste no rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Curtis
16-17 Setembro



Sistemas de producción ecolóxica e pegada de carbono

A normativa que regula a produción ecolóxica en Europa data de 1991 e actualmente está regulada polo Regulamento (CE) n° 834/2007 do Consello sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos (actualmente derogado polo 848/2018, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2021).

Polo tanto, será produto certificado como ecolóxico todo aquel que cumpra coa normativa.

Sen embargo, son cada vez máis as voces que cuestionan a ecoloxía en produtos que sendo ecolóxicos, ou mesmo de km cero e similares, teñan en algunhas das súas fases (produción, transformación ou distribución) grandes consumos de recursos enerxéticos.

A pegada de carbono é a expresión, en CO₂, dos gases de efecto invernadoiro dun proxecto ou servizo. Sería sinal medioambiental da produción, xa que mide o impacto ao aire das actividades na gandería.

Cada ano aumentan os requisitos medioambientais por parte dos acordos internacionais, da administración e, sobre todo, do consumidor.


Na actualidade, os medios de comunicación fanse eco da corrente que asegura que o problema das emisións de CO₂ está causado, principalmente, polo sector primario.

En Califica estamos convencidos de que a realidade é outra.

Deste xeito, calcular e coñecer a pegada de carbono na produción gandeira resulta fundamental para acabar con esta idea tan negativa para o sector.

No Avance de Emisións de Gases de Efecto Invernadoiro para o ano 2018 (MITECO), podemos comprobar que as emisións procedentes do sector agroalimentario supoñen o 12% das emisións nacionais, moi por detrás doutros sectores.

Un exemplo: O consumo medio de leite líquida a nivel nacional, é de 69,83 litros por persoa e ano, o que supón unha pegada de carbono menor que a xerada nunha viaxe en coche entre Vigo e Salamanca.



CURSO: A pegada de carbono na gandería ecolóxica

Horas	10 (7h teoría + 3h prácticas)
Xornadas	2 días (5h/día)
Horario	Día 16. De 10 a 13h Día 17. De 10 a 14h e 15:30 a 18:30
Localización	Salón de actos do Recinto feiral de Curtis Praza Pardo Bazán 15310 Curtis (A Coruña) https://goo.gl/maps/UGqGRYXvo0JGDrDbA
Alumnos	10-15

Temario

Día 16

1. Nova normativa europea de produción ecolóxica (1 hora) [Docente: Xisela Fernández - Agronovo Ecoloxía SL]
2. CRAEGA. Certificación e funcionamento do Consello Regulador (1 hora) [Docente: Xisela Fernández - Agronovo Ecoloxía SL]
3. O proxecto Click On T (Climate Change Knowledge on Training), sobre o cambio climático (1 hora) [Docente: Ramón Jesús Lamelo Otero]

Día 17

1. Cultura medioambiental. A pegada de carbono. (1 hora) [Docente: Luis González Cortiñas]
2. Como calcular a pegada de carbono (2 horas) [Docente: Luis González Cortiñas]
3. Como implementar un programa de mellora (1 hora) [Docente: Luis González Cortiñas]
4. Prácticas (3 horas) [Docente: Luis González Cortiñas]

CALENDARIO

SETEMBRO 2020

Lun Mar Mér Xov Ven Sáb Dom

	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

Día 16. De 10 a 13h

Día 17. De 10 a 14h e 15:30 a 18:30